

A Consellaría acerta cando rectifica

Haberá concurso para as EPA

A Consellaría confirma unha vez máis que acerta cando rectifica. Nunha reunión cos equipos directivos do Subdirector Xeral de ensinanza de réxime especial a principios deste curso afirmouse que non habería oferta este ano. Un novo estudo da CIG-Ensino a partir das prazas provisionais nas EPAPU e unha vez contrastado cos propios centros revelou que máis dunha vintena de prazas poderían ofertarse xa este ano. A Consellaría presenta nesta mesa unha proposta de 29 vacantes e, despois dun novo contraste por parte da CIG-Ensino nas últimas horas cos centros solicitamos que se estude a **incorporación de 16 novas vacantes**. **A Consellaría tomou nota.**

A negociación da convocatoria do CXT e o concurso específico de Orientación están moi próximos e a Consellaría desatendeu a maior parte das demandas da CIG-Ensino, especialmente as que fan referencia ao perfil lingüístico galego de todas as especialidades ou a posibilidade de aumentar o peso da baremación das funcións docentes (apartado 4.3) para evitar a discriminación que existe hoxe por hoxe ao existir un tope de 5 puntos neste epígrafe cando por ocupar a dirección se poden obter 20 puntos só con 4 anos no cargo. Reiteramos todas e cada unha das nosas propostas para aquelas convocatorias, con especial incidencia nestas.

Parécenos correcto que non sexa necesario presentar de novo os méritos dos apartados 5 e 6 se se participa no CXT.

Previsión de resolucións dos concursos:

- 1º Concurso EPA
- 2º Concurso Orientación Mestres
- 3º CXT

Isto implica que quen obteña destino nun concurso que se resolva primeiro xa non poderá obter destino nos seguintes, decaendo deles.

A CIG-Ensino solicita que poida participar o profesorado que obtivo destino definitivo no pasado CXT

O borrador da convocatoria, como en todos os concursos, indica que hai que ter unha antigüidade de 2 anos no último destino definitivo para poder concursar. Isto supón que non poderá participar quen obtivo destino neste último concurso do 2019.

A CIG-Ensino sempre defendeu que, con carácter xeral, non tivésemos que permanecer 2 anos no destino, tanto no CXT como en calquera concurso. Mais o certo é que para o CXT estamos supeditados pola normativa básica do Real Decreto 1346/2010 de concurso de traslados.

Mais este non é un concurso xeral; é específico. A existencia dunha modificación do artigo 91.2 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galiza (LEPG) reduce de 2 anos a 6 meses a permanencia nun destino definitivo

para poder participar nun concurso específico.

O propio Real Decreto 1346/2010 indica na Disposición Adicional 1ª que poden existir outros prazos de permanencia inferiores a 2 anos e que, en todo caso, ese prazo de 2 anos hai que respectalo para moverse a outras administracións.

Tendo en conta isto, a CIG-Ensino solicita que se modifique a base 4.1.a) e que se permita participar a todas as persoas que obtiveron destino definitivo en setembro deste ano. Solicitamos que isto se aplique igualmente a concurso de Orientación mediante unha corrección de erros, habilitando un novo prazo para que todas as mestras e mestres que teñen destino desde setembro poidan pedir as prazas de Orientación.

A resposta da Consellaría foi negativa. Desde o seu punto de vista a regulamentación que se introduce no artigo 91.2 da LEPG non garda relación co que en Educación se denominan concursos específicos, senón nos concursos específicos que son exclusivamente do ámbito da administración xeral, para o que se require que os postos de traballo figuren nunha Relación de Postos de Traballo especial (RPT), entre as que están as xefaturas de servizos e postos directivos equivalentes. A Consellaría afirma que, aínda sendo correcta a nosa argumentación ao respecto da porta aberta que fixa o Real Decreto para permanencias inferiores a 2 anos, requiriríase un cambio na LEPG para que o persoal docente se vise afectado por ese artigo.

Para a CIG-Ensino a lectura que fai a Consellaría é restritiva e solicitamos que, antes de publicar a convocatoria, eleven unha consulta á Asesoría Xurídica central da Xunta para analizar a nosa proposta, ao que se nega a Consellaría.

Demandamos que se publiquen os cadros de persoal das EPA

Solicitamos novamente que o cadro de persoal das EPAPU debe ser público. O coñecemento público das prazas actualmente existentes nos centros de adultos favorece a transparencia, evita calquera posíbel arbitrariedade no perfil das prazas e permite confirmar que as prazas que se ofertan con carácter definitivo son as que realmente se precisan. Existen claras discrepancias entre a opinión dalgúns equipos directivos, o profesorado do centro, as inspeccións e os propios servizos centrais. Hai algunha petición de que haxa prazas que non saian ao concurso. Igual que fixemos na negociación do pasado CXT entendemos que hai que actuar con rigor e ofertar o maior número de prazas posíbeis, mais sempre con datos contrastados e coa seguridade de que existe horario ou que se cumpren os requisitos para a ofertas das prazas.



Vacantes ofertadas

CORPO DE PES		
CENTRO	ESPECIALIDADE	PRAZAS
15025621. EPA Eduardo Pondal - A Coruña	590005. Xeografía e historia	2
15025751. EPA Santa María de Caranza.- Ferrol	590008. Bioloxía e xeoloxía	1
15021482.- IES San Clemente - Santiago de Compostela	590003. Latín	1
	590005. Xeografía e historia	1
	590009. Debuxo	1
15032650. EPA de Teixeiro.- Curtis	590006. Matemáticas	1
27601509. EPA de Albeiros.-Lugo	590005. Xeografía e historia.	1
	590053. Lingua galega e literatura	1
27020811. EPA de Bonxe.- Outeiro de Rei	590123.Proceos e produtos en madeira e moble	1
32015581. EPA de Ourense	590004. Lingua castelá e literatura	1
	590007. Física e química	1
	590011. Inglés	1
36018872. EPA Río Lérez.-Pontevedra	597032. Lingua estranxeira: inglés	1
36018884. EPA Berbés.-Vigo	590002. Grego	1
	590008. Bioloxía e xeoloxía	1
	590053. Lingua galega e literatura	1
36024720. EPA Nelson Mandela.- A Lama	590004. Lingua castelá e literatura	1
	590008. Bioloxía e xeoloxía	1
	590011. Inglés	1
	590053. Lingua galega e literatura	1
CORPO DE MESTRES		
CENTRO	ESPECIALIDADE	PRAZAS
15025751. EPA Sta. María de Caranza.- Ferrol	597032. Inglés	1
27601509. EPA de Albeiros.-Lugo	597038. Educación primaria	1
27020811. EPA de Bonxe.- Outeiro de Rei	597038. Educación Primaria	1
32015581. EPA de Ourense	597032. Inglés	1
	597033. Francés	1
36018872. EPA Río Lérez.-Pontevedra	597032. Inglés	1
36018884. EPA Berbés.-Vigo	597038. Educación Primaria	1
36024720. EPA Nelson Mandela.- A Lama	597038. Educación primaria	2

A CIG-Ensino reclama que se incorporen máis vacantes.

Tendo e conta as últimas achegas recibidas desde os centros solicitamos que a Dirección Xeral revise a posibilidade de incorporar as seguintes prazas, sempre e cando cumbran cos requisitos:

- 👤 EPA de Bonxe: Bioloxía e Xeoloxía, Educación Primaria
- 👤 EPA Albeiros: Francés e Lingua Galega (PES)
- 👤 EPA Río Lérez: Inglés, Matemáticas, e Xeografía e Historia (PES)
- 👤 EPA de Ourense: Francés, Bioloxía, Matemáticas e Xeografía e Historia (PES)
- 👤 EPA Pereiro de Aguiar: Lingua Galega e Inglés (PES)
- 👤 EPA Berbés: Francés, Inglés e Xeografía e Historia

A Consellaría confirma na propia reunión que ofertarán a de Francés (PES) da EPA Bervés - Vigo e que revisarán as demais propostas que lle vimos de trasladar